

“Organicémonos porque precisamos de toda a nosa forza” Antonio Gramsci

arredista! 5

Movemento Galego ao Socialismo

25 de xullo de 2011



www.mgs-galiza.org

arredista!

Número 5

25 de xullo de 2011

Edita

Movemento Galego ao Socialismo

Coordenadora

Paula Castro

Corrección lingüística

Rafael Vilar

Diego Santóro

Deseño e maquetación

Inácio Pavón

Local nacional

Avenida de Lugo, 203 entrechán 1
15703 Compostela (Galiza)

www.mgs-galiza.org

nacional@mgs-galiza.org

Tiraxe

1.500 exemplares

Permítese a reprodución total
ou parcial citando a fonte.



EDITORIAL

Celebramos o Día da Patria Galega do 2011 inseridos no mesmo contexto, máis agudizado, que o último ano. O grande capital e os gobernos ao seu servizo, tanto o PSOE no Estado como o PP na Xunta de Galiza proseguen a súa ofensiva cara os intereses das clases populares e as nacións sen Estado. Unha onda capitalista que abate outros países como Euskal Herria, onde os abertzales de esquerda están de parabens grazas á irrupción de Bildu nun panorama político falseado por anteriores ilegalizacións. Ou tamén a periferia europea como Grecia, o país onde as tensións son mais fortes e con unha resistencia popular elevada e Portugal, recén saído dunha eleccións que levan de volta ao goberno a un outro partido tamén comprometido cos programas de axustamento decididos pola troika comunitaria.

Ás contrarreformas efectuadas no último ano (no mercado laboral e as pensións), que provocaron dúas folgas xerais no noso país, súmase unha última sobre a negociación colectiva, co fin declarado de enfraquecer a capacidade de presión do sindicalismo combativo e a centralización dos convenios colectivos. ademais a unha serie de ataques aos servizos públicos: cortes na educación, privatizacións hospitalarias e de centros de saúde na sanidade, cortes nos servizos sociais...

As eleccións municipais do 22 de Maio deixaron para o BNG uns resultados decepcionantes, mais non catastróficos. O nacionalismo afronta agora un proceso de reflexión interna cara a celebración da nova Asemblea Nacional en outubro, onde deberá saír un BNG situado claramente no soberanismo e na esquerda, unido e combativo coa vaga española e neoliberal que asolaga o país.

O Movemento Galego ao Socialismo traballará nos próximos meses dentro do BNG no fortalecemento dun programa e unha acción claramente soberanistas e de compromiso coas clases populares, e en todos os espazos de traballo da nosa militancia actuaremos no combate frontal á ofensiva do capital no noso país: resistir na adversidade co optimismo da vontade, preparando tempos mellores.

SUMARIO

3 TRABALLARMOS ARREO POR UN BNG CARGADO DE FUTURO **6** SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS: O SAQUEO PRESENTE E FUTURO **8** ENTREVISTA A TASIO ERKIZIA **12** O QUE SE ESCONDE NAS GAIOLAS DOS SALMÓNS **14** O CAPITALISMO, BREVE MANUAL DE USO **16** ELEIÇÕES EM PORTUGAL: DUAS TROIKAS A AFUNDIREM O PAÍS **18** CINCO CUBANOS PRESOS, QUERÉMOLOS VER LIBRES **20** ENTREVISTA A XABIER LAGO MESTRE **22** RECOMENDAMOS E BANDA DESEÑADA

TRABALLAMOS ARREO POR UN BNG CARGADO DE FUTURO

Rafa Vilar

O Día da Patria adoita marcar para o nacionalismo a fin do curso político e, polo tanto, o momento de poder facer balanço e reflexión do traballo feito, así como de ir avanzando nas liñas de traballo do máis inmediato futuro. Neste sentido, desde o MGS facemos os seguintes apuntamentos, referidos á conxuntura pola que atravesamos o nacionalismo galego e, nomeadamente, o nacionalismo político nucleado en torno ao BNG.

Máis unha vez, o actual curso político estivo marcado por un contexto socio-económico altamente lesivo para os intereses da clase traballadora e os sectores populares, agudizado aínda máis polas políticas desenvolvidas polo bipartidismo neoliberal: o PSOE no goberno do Estado e o PP á fronte da Xunta de Galiza. Porén, estas políticas, pregadas totalmente aos intereses da clase dominante, tiveron unha firme oposición e unha resposta en clave mobilizadora por parte do nacionalismo en Galiza, coa realización de dúas folgas xerais, a do 29 de setembro de 2010 (contra a reforma laboral e tamén de ámbito estatal) e mais a do 27 de xaneiro de 2011 (contra a reforma das pensións, de ámbito nacional galego). Este feito constitúe a demostración palpábel de que a clase traballadora é o auténtico motor da contestación social e o referente para a construción de alternativas ao modelo económico-social e ao sistema económico imperante, un capitalismo cada vez máis depredador pero tamén cada vez máis senil, por dicilo en palabras do economista marxista Samir Amin.

Dúas folgas xerais e unhas eleccións municipais

Nestas dúas folgas xerais que se sucederon nun período de apenas catro meses, o papel do nacionalismo galego foi determinante, tanto o desenvolvido pola CIG, como central sindical nacionalista que impulsou as dúas

convocatorias (a segunda, en solitario), como o do BNG, como organización política que -malia certas contradicións internas- apoiou sen medias tintas ambas as folgas xerais, mantendo ao mesmo tempo un posicionamento político e institucional plenamente coincidente coas reivindicacións do sindicalismo nacionalista.

Por outra parte, o curso político que remata tivo nas eleccións municipais de maio o outro gran punto culminante. Unhas eleccións municipais nas que o BNG obtivo, en termos xerais, uns resultados insatisfactorios mais que de ningún xeito podemos cualificar de catastróficos, tal como no seu día avaliamos desde o MGS. Máxime cando se producían nun contexto, tanto externo como sobre todo interno, non exento de complicacións para que o BNG puidese afrontar un proceso electoral como o das municipais nas mellores circunstancias, o que non obsta para lembrar que nese proceso se cometeron erros de vulto, como un Regulamento para a confección das listas municipais que contrariaba o pluralismo e o frontismo inherentes ao BNG como proxecto político. Aínda así, os máis de 261.000 votos logrados polas candidaturas do BNG, e que deron lugar a unha trintena de alcaldías, non poden ser considerados unha cifra desprezábel, sobre todo se atendemos ao feito de que o discurso xeral mantido durante a campaña foi un discurso claro e inequívoco situado claramente no nacionalismo popular e na esquerda anti-neoliberal e transformadora.

Porén, as diferentes lecturas dos resultados electorais que se deron por parte das diferentes sensibilidades que operamos no BNG puxeron de manifesto a necesidade dun amplo debate interno no seo da fronte, un debate que comezou con xuntanzas das catro correntes políticas cons-



O Día da Patria debe ser unha data na que o nacionalismo galego colla o impulso necesario para os retos do vindeiros meses.

tituídas en comisión (por proposta do consello nacional) e que ha culminar, ou ter o seu punto de inflexión, na celebración da asemblea nacional do BNG prevista para o 22 e 23 de outubro. Isto, coa salvidade de que un previsíbel adianto das eleccións ás Cortes Xerais do Estado obrigue a un atraso nas datas previstas.

Rumbo a unha nova asemblea nacional do BNG

Nós temos claro, como MGS, que estamos ante o momento de fortalecer o BNG como instrumento útil, válido e necesario no camiño da soberanía política de Galiza e da emancipación social. Mais de fortalecelo desde a aposta sincera por un BNG situado nas coordenadas políticas do nacio-

nalismo soberanista e da esquerda transformadora. E somos conscientes que non todo o mundo no BNG está por isto, polo que o escenario que se abre con esta convocatoria de asemblea nacional ordinaria é un escenario bastante aberto en canto ás posibilidades de albiscar un desenlace certo.

Na Comisión do BNG creada para o debate interno das diferentes sensibilidades presentamos un pequeno documento dando conta dunha serie de aspectos que para nós explicitan cal debe ser o rumbo que ten que tomar o BNG. Un pequeno documento feito desde a honestidade política e no que tentamos sintetizar ao máximo as nosas posicións, que sendo firmes tampouco son numantinas, porque temos claro que a convivencia política nunha fronte como o BNG exige mínimos comúns denominadores e exige, por tanto, ser quen de consensuar posicións, sempre que isto evidentemente non signifique renuncias inasumíbeis ou adhesións incondicionais.

Propostas do MGS

Así, no noso documento avogamos, en primeiro lugar, por unha reafirmación do modelo frontista, como mellor xeito de xestionar acaidamente e pluralidade interna do BNG, unha pluralidade que é un valor a preservar no nacionalismo político. Por tanto, frontismo pero un frontismo que corrixa determinados vicios adquiridos que para nada son compatíbeis cun BNG no que todos e todas poidamos desenvolver con certa comodidade o noso traballo político. Neste sentido, non acreditamos en propostas como as propugnadas por algunha das sensibilidades de Executivas do BNG conformadas por unha única corrente, algo que atenta ao pluralismo inherente a unha fronte política (como no seu día aconteceu co Regulamento para a confección das listas do BNG ás eleccións municipais).

En segundo lugar, estamos polo reforzamento do modelo asembleario e participativo. Por tanto, propugnamos que se volvan consignar nos Estatutos do BNG que as asembleas nacionais do BNG son asembleas abertas ao conxunto da militancia, eliminando o pernicioso sistema de asembleas por delegación instaurado en 2006. Así mesmo, pensamos que hai que traballar en fórmulas para dar maior capacidade de decisión ás asembleas, isto é, á militancia da organización, e que é conveniente estimular a participación.

En canto á liña política, e xa en terceiro lugar, no documento que presentamos insistimos na necesidade dun BNG situado claramente no nacio-

nalismo popular e na esquerda política, e que isto tamén se ten que verificar nos posicionamentos e relacións internacionais. E por suposto isto tamén se ten que verificar nos comportamentos públicos, isto é, discurso de esquerdas e práctica política tamén de esquerdas.

En cuarto lugar, e fronte á primacía do traballo institucional, propomos a combinación do traballo social co labor que desenvolvemos nas institucións, tendo claro que a mobilización social é unha ferramenta irrenunciábel para a acción política do BNG.

Xa en quinto lugar, abordamos unha cuestión que probabelmente nou- tro escenario interno debería ser a gran reflexión política da asemblea nacional e que ten a ver coa posición do BNG sobre a cuestión nacional, posición que estivo determinada nos últimos tempos polo taticismo, léase, a proposta feita no seu día de Estatuto de Nación, algo inviábel no actual contexto político e que non responde ás necesidades de soberanía de Galiza. Nós avogamos pola recuperación por parte do BNG dun discurso nidiamente soberanista e emancipador, co conseguinte traballo de acumulación de forzas en torno a ese discurso. Un discurso que exige desprenderse de certo complexo adquirido por parte de importantes sectores do BNG e que hoxe é posíbel dar ante a sociedade galega sen maiores traumas.

E por último, o noso documento aborda outro dos asuntos que vén sendo unha das nosas preocupacións primordiais na fronte política como o é todo o referido á relación do BNG cos movementos e organizacións sociais, algo fundamental para unha organización que ten un carácter transformador e que por tanto non é homologábel ás forzas políticas sistémicas.

O contido xeral deste documento, xunto con documentos similares das outras sensibilidades organizadas, está a ser debatido no conxunto do país, a través do debate preassembleario que se vén dando este mes de xullo no seo do BNG. O noso compromiso como MGS é ir concretando en propostas máis polo miúdo as cuestións aquí expostas, co fin de que formen parte do debate asembleario aberto no BNG. En todo caso, nós estamos poñendo o noso gran de area para facermos do BNG o instrumento para a autodeterminación nacional e a emancipación social. ■

Rafa Vilar e concelleiro en Compostela e membro da Executiva Nacional do BNG.

SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS: O SAQUEO PRESENTE E FUTURO

Paula Castro

6

A serie de privatizacións e recortes que sofren os servizos públicos na Galiza forman parte dun cadro mais global en que estamos inseridos, e que vén acelerarse coa actual crise sistémica. Os servizos públicos básicos constitúen hoxe unha das pezas mais codiciadas pola axenda do grande capital e os oligopolios, que perante a caída da súa taxa de beneficios ollaron cara os sistemas públicos de saúde e educación como sectores económicos que movían multimillonarios recursos e que estaban maioritariamente fora do seu control e lucro.

A nivel internacional, esta intención ten reflexo en moitas das medidas e informes elaborados nas institucións da Europa do capital. Podemos citar como paradigmática a nivel global a Directiva Bolkestein, aprobada na súa redacción final en novembro de 2006 tras un longo percorrido. Pretendía abrir para o mercado a totalidade de sectores económicos, eliminar as proteccións sociais e potenciar o dumping social coa cláusula do “país de orixe” e o “libre establecemento”, o que permitiría a empresas con sede en estados de menor protección social actuar saltándose a lexislación de estados con maiores niveis de protección aplicando a do país de orixe, e permitindo establecerse en calquera estado sen que este puidese regular moitas das súas actuacións. Tras unha longa loita conseguíronse melloras parciais, excluíndose os “servizos sociais de interese xeral”, isto é, só parte dos servizos públicos, mais con unha falta de regulación que global deles, ou a exclusión do principio de país de orixe, mais non total, o que permite a aplicación caso por caso, chegando moitos casos aos tribunais europeos.

Ante a imposibilidade dun desmantelamento global e de unha soa vez do sistema de servizos públicos e protección social, as institucións europeas e o grande capital aplícanse ao desmantelamento progresivo e de maneira parcial de cada vez maiores partes do sistema, para manteren a ficción dunha non-privatización, mais que en realidade vai cedendo cada vez maiores cuotas ao mercado e diminuíndo o sector público, até o converter en asistencialista, obsoleto, ineficiente e ineficaz, para así xustificar a desexada total privatización á opinión pública.

Podemos ver exemplos gravísimos disto na sanidade pública na Galiza. De servizos integrados no Sergas e persoal pois público, pasamos á cada vez maior externalización de moitos destes servizos. A versión avanzada destes proxectos son os chamados PFI que pretende aplicar o goberno Feijoo para os novos hospitais de Vigo e Pontevedra. Trátase dun modelo vendido como pretendidamente “moderno”, mais xa implementado tanto en Inglaterra por laboristas e consevadores como en CCAA españolas gobernadas polo PP (Madrid, Valencia). Neste modelo o hospital trátase dunha infraestrutura privada que a sanidade pública aluga por unha taxa anual, e onde moitos dos servizos son xestionados pola empresa privada dona do hospital: no caso de Vigo, por exemplo, isto incluíría todo o seguinte: . Un modelo fracasado, que é mais caro e dá peor servizo, incrementando tempos de hospitalización e infeccións ao reducirse persoal de limpeza ou enfermería. Os únicos beneficiados son as contas de resultados das grande empresas construtoras e de servizos sanitarios privados, no entanto os cidadáns pagan as consecuencias. E esta deriva continúa con servizos como análíticas de sangue ou mesmo o servizo de radioloxía, como acontece no hospital do



Barbanza. E isto quérese estender ademais aos centros de saúde, onde a conselleira de Sanidade Farjas laiábase nunha entrevista da dificultade de os privatizaren, xa que as concesionarias “non lles vían beneficio”.

Na educación pública podemos ver tamén estes exemplos: ataques aos empregados públicos, via a redución do seu número e o incremento do horario lectivo: non se cobre a taxa de reposición e aprobouse un aumento do horario lectivo na Educación Infantil e Primaria. Tamén o

ataque aos “servizos complementares” como os servizos de comedor, afogados economicamente e moitas veces sostidos só co esforzo voluntarista das ANPA's: vimos como recentemente en Rois o alumnado tiña que comer bocadillos. Tamén no ensino superior as Universidades galegas víronse afectadas: como sintoma, a aínda planificada primeira residencia pública da Coruña, que quere agora ser concesionada ao sector privado. Continuamos ademais cun financiamento universitario que segue a ser insuficiente e moi lonxe da media da UE, e onde ademais Xunta ten previsto incrementar o peso das taxas cobradas aos estudantes até supor un 20% do total, o que levaría a triplicar as taxas pagas, baixo o falso argumento da “equidade”.

Un dos aspectos positivos que apresentou a xestión do BNG no paso polo goberno, aínda así con eivas e erros importantes, como era a creación dun sistema nacional de servizos sociais, foi albo tamén dun agudo proceso de desmembramento e desmantelamento: extinción do Consorcio, desprendemento da parte pública de Sogaserso (só o 49%, estando o 51% nas maos das caixas de aforro galegas), e ataques aos servizos de dependencia: privatización dos servizos de día, a extinción das oficinas de I+B creadas co seu persoal asociado, ou a conversión das galescolas en “galiñas azuis” que levou á expulsión de traballadores pendentes da estabilización laboral que estaba a acometer con retraso a anterior Vicepresidencia.

Vemos pois como estamos perante un proceso perfectamente planificado que ten orixe non nas escusas do recorte do gasto pola crise, se non nun plano de acción preparado para acelerar ou diminuír o seu ritmo conforme as circunstancias sociais e políticas. Nestes momentos toca pisar o acelerador da privatización coa escusa do “exceso de gasto” e a “necesidade de recortar o déficit”: como na globalidade da sociedade, será a correlación de forzas entre as clases populares e os oligopolios e o capital trasnacional, entre o capital e o traballo en definitiva, o que definirá a intensidade e aplicación ou non de cada unha das medidas que os poderosos pretendan acometer contra nós. É pois momento de resistir contra estas medidas, paralas, e mesmo ir avanzando na construción e afortalamiento duns servizos públicos básicos que garantan a universalidade, a gratuidade e a igualdade de acceso a toda a poboación. Das nosas forzas depende, na nosas mans está o futuro. ■

Paula Castro é xornalista.

TASIO ERKIZIA

Apostamos por utilizar, exclusivamente, as vías políticas e democráticas fronte á ofensiva do Estado de varrer do mapa a Euskal Herria

8

Tasio Erkizia, é un militante histórico da esquerda abertzale e un dos seus actuais portavoces, explica como se xestou a conformación dun polo soberanista e de esquerdas, que aposta por utilizar, exclusivamente, as vías políticas e democráticas, para defender o dereito de Euskal Herria a decidir.

Abriuse en Euskal Herria un novo escenario político. Podemos dicir que tivo a súa orixe no documento 'Zutik EH'? Como se xestou todo este proceso?

Hai algo máis de dous anos, na esquerda abertzale abriuse un proceso de reflexión e de debate en profundidade no que participaron máis de 7.500 persoas. Unha vez analizada a situación do Estado, a situación política mundial e, moi particularmente, a situación que estamos vivindo en Euskal Herria, fixémonos unha pregunta básica: cal é a estratexia máis adecuada para xuntar o máximo de forzas de Euskal Herria e gañarlle ao Estado esta partida política? Chegamos a unha serie de con-

clusións: a primeira, que o Estado estaba distorsionando o problema e que, no canto de situalo en clave política, estábao situando en clave de antiterrorismo. Había que centrar o debate político en termos exclusivamente democráticos, dunha relación de igualdade entre Euskal Herria e o Estado español, con respecto a todos os dereitos de todas as persoas tanto de Euskal Herria como do Estado. En segundo lugar, que para obrigar ao Estado a estabeceler o debate en termos democráticos era necesario activar a sociedade vasca e axuntar o máximo de forzas políticas e sociais abertzales que existen no noso pobo. O máximo de vontade popular a prol dunha solución democrática. En terceiro lugar, que era

posíbel gañar ao Estado, que estabamos avanzando no noso proxecto político, pero que o Estado nos conseguía bloquear. E considerabamos que estabamos avanzado, porque o Estado das autonomía fai augas, especialmente en Euskal Herria. Porque xa non é un punto de encontro, non responde nin a un mínimo sector de Euskal Herria. Hai unha conciencia xeneralizada de que é un instrumento inválido, que non serve para poder construír, nin para que sexa respectada a nosa personalidade como nación diferenciada e que, polo tanto, non responde ás aspiracións económicas, culturais, lingüísticas nin sociais do noso pobo. Porén, esa crise había que levala a ser contrastada cunha proposta política e a nosa grande aposta era pasar da defensiva, da resistencia, a unha fase ofensiva de gañar cunha proposta política clara e alternativa ao que nos ofrece o Estado español. Esas foron as tres principais conclusións, e unha cuarta sería que nós apostamos claramente por utilizar exclusivamente as vías políticas e democráticas na súa ofensiva de varrer do mapa a Euskal Herria.

A esquerda abertzale define este proceso democrático en tres etapas: condicións mínimas, acordo democrático e marco democrático. En que consisten e en que punto está situado hoxe?

A primeira etapa, na que estamos, é conseguir que a grande maioría das forzas políticas, sociais e sindicais do noso pobo defendan uns mínimos democráticos e que o Estado respecte o dereito a facer política en Euskal Herria e os dereitos humanos a todos os niveis, sen distorsión nin presión, nin por parte dunha organización armada vasca nin por parte do Estado. Todas as forzas políticas teñen que poder facer política en igualdade de condicións. Eses son os mínimos democráticos que nós recolleamos na Proposta de Gernika, que se abriu a moitos sectores da poboación e que vai desde o PNV á maioría sindical vasca e a todo aquel demócrata que acepte eses principios mínimos. Porén, o Estado aínda segue no camiño da represión e da violación dos dereitos humanos e sociais básicos. A segunda fase sería que o Estado recoñeza o dereito a decidir do noso pobo e a terceira, ver que armadura xurídico-política lle damos a todo ese acordo básico, baseado no respecto absoluto a cada un dos pobos.

Malia esta aposta decidida da esquerda abertzale mantense a represión, os xuizos políticos...

A non legalización de Sortu é unha expresión desa represión, ao igual que a persecución das ideas políticas e do traballo político de numerosos



sectores. Hai 15 días estaban xulgando a Arnaldo Otegi e a Rafa Díez en Madrid e a semana pasada xulgaban a outros 17 mozos e mozas cuxo único delito é ter feito un traballo político entre a mocidade. Polo tanto, o Estado o que ten que facer é parar a súa maquinaria represiva e respectar o dereito a facer política, o cal inclúe a legalización de Sortu e parar todos eses xuízos pantasma que están a facer.

No acordo de Gernika faciades unha serie de emprazamentos tanto á organización ETA como aos Estados español e francés. En que medida foron atendidos?

Entendemos que a organización ETA deu pasos moi importantes. É certo que a esquerda abertzale ten que dar novos pasos e estamos convencidos de que ETA vai dar novos pasos pero neste intre a pelota esta en mans do Estado, porque non está cumprindo nin os mínimos, mentres que saben perfectamente que a organización armada está cumprindo todo o que publicamente prometeu. O emprazamento que lle estamos facendo constantemente ao Estado é que dunha vez recoñeza que estamos ante un problema político e que a solución pasa por mecanismos exclusivamente políticos e democráticos. O estado francés hai moitos anos que entrou na órbita do Estado español. Decatouse do problema existente en Hego Euskal Herria, que levaría a outro proceso democrático en Ipar Euskal Herria e ante iso, pecha filas co Estado español.

A conformación dun polo soberanista e de esquerdas é unha aposta firme impulsada desde a esquerda abertzale. Como analiza os magníficos resultados obtidos por Bildu, a coalición entre independentes abertzales, Eusko Alkartasuna e Alternatiba?

A esquerda abertzale, baseándose nas conclusións que se recollen en Zutik Euskal Herria acordou que había que activar á sociedade e que había que facer unha grande alianza entre todos os sectores de esquerdas e todos os sectores abertzales de Euskal Herria para camiñar cara un Estado vasco. En xuño do ano pasado fixo unha declaración pública con Eusko Alkartasuna proponendo unha estratexia de cara á consecución dun Estado vasco e establecendo uns mínimos para ir avanzando nese traballo conxunto e nese obxectivo de urdir unha sinerxia das distintas forzas que existen na sociedade vasca. A esquerda abertzale conxuntamente fixo outro acordo estratéxico con Alternatiba e aí puxéronse as bases do que se chama polo soberanista, para ir aunando o máximo de sectores populares. Bildu enténdese desde ese traballo de moitos meses de unir distin-

tas sensibilidades e distintas forzas políticas arredor dun proxecto para camiñar cara á creación dun Estado vasco. Iso toma unha forma concreta ante unhas eleccións, pero estas non son máis que a expresión política de todo un traballo social que se fixo durante moitos meses.

Que prioridades credes necesarias e que poderían ser desenvolvidas agora no traballo institucional de Bildu?

Primeiro temos que impulsar un proceso democrático para que toda a cidadanía de Euskal Herria poida facer política en total liberdade. Temos unha Euskal Herria sen personalidade propia, sen institucións propias, sen mecanismos para poder desenvolvernos como corpo social, como corpo cultural. Entendemos que temos que unir forzas populares para recuperar a nosa identidade e, desde o respecto absoluto cos outros pobos do Estado, reivindicar o dereito a termos as nosas propias institucións e a crear o noso propio Estado para podermos crear a nosa propia economía, as nosas relacións sociais e a nosa propia cultura de maneira totalmente libre. Este pobo necesita un cambio social e político en profundidade. Estamos ante unha crise profunda. Hai unha forma de facer política totalmente dexenerada, unha chamada clase política que está supeditada aos intereses da banca, que é incapaz de levantar a voz en favor dos traballadores. Cremos que xa é hora de que haxa unha esquerda coherente e disposta a ensinar os dentes ao Estado e a dicir que hai outra forma de facer economía e de organizar o sistema económico, social e político moi diferente e, polo tanto, imos ao cambio radical, a crear outro ciclo social e político desde as institucións e desde a loita na rúa, porque estamos convencidos de que só desde as institucións non é posíbel o cambio político, pero unindo a loita sindical, a loita popular e a de todo o pobo que queira unirse, xunto co traballo das institucións é posíbel levar a cabo ese cambio.

A esquerda abertzale menciona a Quebec, Escocia ou Groenlandia como exemplos de viabilidade do independentismo. Como afectará o papel da comunidade internacional e en concreto da UE, reticente a novos Estados?

As referencias internacionais, son simplemente referencias e non copias a seguir, porque cada pobo ten a súa propia realidade e vai facendo o seu propio camiño. Pero é evidente que a comunidade internacional está cumprindo un papel moi importante e, neste intre, en Europa e en todo o mundo temos moitos amigos e moitos colaboradores. Foi moi impor-



tante a Declaración de Bruxelas, na que distintas personalidades fixeron un emprazamento ao Estado e á organización ETA, e xa teñen unha resposta positiva. O pobo vasco viuna como unha axuda importante para desbloquear a situación e para afrontala en termos democráticos. Polo tanto a axuda europea e doutros países do mundo está sendo importante, ao igual que a axuda e colaboración con Catalunya e Galiza.

As perspectivas dun marco democrático que recoñeza a autodeterminación modificaría profundamente as estruturas do Estado. Como podería afectar ás outras nacións integradas no Estado español?

Historicamente somos nacións dentro do mesmo Estado que reivindicamos a necesidade de ser nación e ser nación diferenciada, cada un atendendo ás súas fórmulas. Nós desde a necesidade da creación dun Estado vasco. Pero é evidente que o Estado atópase nunha disxuntiva importante, e é que na transición, coa Constitución de 1978, non fixeron outra cousa que copiar o modelo de Estado franquista. Un Estado centralista onde se afoga a identidade propia das distintas nacións. Hai que pasar dun Estado único a que se respecte un Estado plurinacional e plu-

ricultural e nós aí temos un traballo moi interesante en común para reivindicar ao Estado que nos respecte para que sexamos nós mesmos, como pobos que temos a nosa propia cultura e o noso propio idioma. Iso non significa que Catalunya, Galiza e Euskal Herria teñan que seguir o mesmo camiño ou defender a mesma forma de organización. O Estado das Autonomías foi unha tapadeira para enganar ás distintas nacións. Co café para todos, tratando de identificar a Catalunya con Extremadura, selouse un acordo falso de futuro. Tan falso que en 30 anos fai augas e á crise económica do Estado español súmaselle unha crise política en profundidade. O Estado non ten alternativa. Debe abordar unha segunda transición na que se respecten os dereitos democráticos de cada nación, a plurinacionalidade do Estado español e o dereito a decidir de cada unha das nacións que se consideren como tal. Só de maneira conxunta as nacións sen estado, que neste momento estamos sometidas ao Estado español, podemos obrigar ao Estado a que faga a súa propia transición democrática: recoñecer a realidade diversa que existe dentro das súas fronteiras e admitir que se queren facer o seu propio camiño pódono facer Catalunya, Galiza e Euskal Herria. ■

O QUE SE ESCONDE NAS GAIOLAS DOS SALMÓNS

Bea Fernández

12

O que ben sendo a acuicultura do salmón non é outra cousa que a produción industrial destes peixes dende o ovo ata a súa posta no mercado, e dicir, a cría e recolección baixo condicións controladas. O proceso consta de dúas fases, unha primeira en terra ata que se obteñen alevíns e unha etapa posterior de engorde no mar, que dura de 12 a 24 meses, na cal os individuos, pechados en gaiolas flotantes, son alimentados a base de pensos compostos por fariñas e aceites doutros peixes.

As gaiolas de engorde son circulares e localízanse normalmente en zonas abrigadas ao longo da costa, como son por exemplo os fiordos ou as nosas rías. Poden conter perto dun millón de individuos nunha área do tamaño de dous campos de fútbol, ou o que é o mesmo, 90.000 peixes para volumes de entorno aos 10.000m³. Nas que nos tocaron no reparto, e segundo dados da propia empresa productora North West Food, S.L., a capacidade media superaría os 30.000m³ coa intención de producir un mínimo de 50.000 toneladas anuais de salmón en 18-20 delas.

Por que non, logo?

Unha realidade ineludible é que ao ritmo actual de capturas, a pesca mundial é insostible. Con máis do 80% dos caladoiros sobreexplotados ou esgotados é inmediato chegar á conclusión de que a acuicultura é unha boa alternativa á presión sobre os recursos pesqueiros, exactamente igual que podería ser producir carne no canto de saír a cazar coellos. O problema en ambos casos é o sistema (coma sempre!). Os sistemas de cultivo ou cría intensivos lonxe do que nos queiran facer pensar, son perniciosos dende o concepto mesmo, tanto a nivel medioambiental como dende un punto de vista socioeconómico. A acuicultura non só non cons-

titúe unha alternativa razoable senón que supón un problema engadido que vai máis aló das posibles afeccións ao entorno máis próximo.

Peixes para alimentar peixes , os problemas

A facilidade para atopar publicacións serias que cuestionan esta industria e que describen polo miúdo a problemática relacionada coas granxas de salmóns, pon de relevo tanto o enorme número de detractores que teñen como a ameaza ambiental real que supoñen alí onde se establecen.

A busca da máxima produción orixina unha contaminación do medio causada pola elevada concentración de animais nun volume de auga que non pode disolver suficientemente os residuos e sustancias presentes. O “símil agropecuario” dos coellos sérvenos para facer un breve relatorio dos problemas máis importantes que trae este sistema de explotación:

- Eutrofización: Se falamos de granxas de porcos é sinxelo imaxinar as toneladas de desfeitos que se producen ao longo do proceso. Trasladando isto ao cultivo do salmón atopamos unha diferenza fundamental ao estarmos no mar. Neste medio non existe a posibilidade de controlar ou reter eses desfeitos que proveñen do alimento sobrante e das dexeccións dos animais e o resultado son acumulacións localizadas baixo as gaiolas ou alí onde sexan arrastradas polas correntes. Estímase que entre un 15-20% do alimento ofrecido aos peixes non é consumido e se deposita no fondo acuático. Se ben existen hoxe en día granxas que melloraron moito esa eficiencia e a sitúan nun 5% de perdas de alimento, segue a ser un enorme impacto que repercute na calidade do entorno ao incrementarse os sólidos en suspensión e ocasionarse un exceso de nutrientes. Esta superabundancia é perxudicial xa que a cantidade de



Son moitos os sectores que están en risco coa implantación desta industria no noso país.

bacterias que se van alimentar dela poden provocar paralelamente un consumo excesivo de osíxeno, asfixiando a zona e alterando ese medio.

- Enfermidades e antibióticos: Calqueira produción intensiva, sexa de vexetais ou animais, leva parello un incremento na incidencia das enfermidade e nas posibilidades de que estas sufran una expansión descontrolada. Isto é debido ás elevadas densidades de individuos e a súa semellanza xenética e xenera a necesidade de engadir continuamente, de modo preventivo ou curativo, sustancias antibióticas para evitalo. Moitos animais nun espazo reducido e todos cortados polo mesmo patrón -co que non hai individuos máis resistentes que outros- é o caldo de cultivo ideal para o espallamento de calqueira axente patoxénico, parásitos, ...

Así que se dá unha descarga de antibióticos ao medio mariño ao seren incorporados na comida, podendo provocar resistencias bacterianas na fauna do entorno, e como xa estableceron varios estudos, existe unha relación entre a presenza das gaiolas e o incremento na aparición de diversas afeccións na fauna autóctona da zona.

- Fugas de salmóns: As ameazas anteriores multiplícanse ao haber fugas dende as gaiolas, comúns cando se dan temporais. Implican posible hibridación entre especies, transmisión de enfermidades asociadas aos cultivos e competición e depredación sobre especies nativas.

- Presenza de cobre. Procedente das operacións de limpeza, pintura antifúnica das gaiolas e alimento sobrante, este mineral é unha sustancia altamente tóxica en concentracións elevadas

- Variacións noutros parámetros: análises efectuados sobre unha instalación de salmónidos permiten determinar alteracións sobre: amoníaco, urea, nitritos, nitratos, CO2 libre, ácido sulfhídrico, DBO, DQO e pH.

No ano 2000, WWF estimou que en Escocia a industria salmoneira liberaba ao mar residuos equivalentes a 9 millóns de persoas cando neste país son arredor de 5 millóns de habitantes.

Finalmente e para desmontar a cuestión inicial se esta industria é unha alternativa para a redución da pesca extractiva, compre lembrar que se suma a este impacto ao precisar de mais recusos pesqueiros para alimentar os salmóns.

Para outra ocasión queda incidir de como este negocio, controlado por grandes corporacións, non deixa espacio a produtores a pequena escala. De cómo se xenera emprego mais en cotas moi alonxadas das necesarias para ser unha consideración de peso; de cómo este emprego provoca un desemprego complexo e de cómo no reparto de ganancias a parte que vai para salarios é ínfima. Ademais de que esta industria apenas emprego indirecto e pon en risco outros sectores que existen na actualidade no mesmo entorno.

Os monocultivos para a exportación nunca crearon un desenvolvemento humano sostible e son as producións diversificadas e os modelos respetuosos co entorno as únicas alternativas reais. ■

Beatriz Fernández é bióloga.

O CAPITALISMO, BREVE MANUAL DE USO

José Emílio Vicente

14

Trata-se dumha fábula antiga: o mercado actua de regulador perfecto entre a oferta e a demanda, existe um equilíbrio, um ciclo que se fecha, entre vendedores e compradores. Os únicos problemas poderiam vir da falta de informação derivada da complexidade crescente do mercado, mas nenhum produtor pode estar mal informado "muito tempo". A União Europeia inspira-se nela à hora de insistir em garantir a "competência livre e não falseada" na que o mercado actuaria como um informador fidedigno.

O equilíbrio não existe. O mercado não tem uma mão invisível que equilibre oferta e demanda nem garante a satisfação das necessidades, reais ou imaginárias, da humanidade. A produção tampouco se desenvolve segundo os limites do consumo. Apenas existe uma aparência de controle dum sistema que é, por natureza, ingestível. Como um hamster numa roda, corre sempre mais depressa para poder ir mais depressa ao seguinte. De facto, o sistema elimina os capitalistas que não podem seguir o ritmo (que não são suficientemente competitivos). O objetivo dos capitalistas é obter a maior diferença entre o dinheiro que tinham ao princípio e ao final do processo produtivo. Para isto utilizam o seu capital e o trabalho dos assalariados, obrigados a vender as suas capacidades e tempo disponíveis, o que é a via mais importante de inserção social. O tema requer muita extensão, mas só engadiremos aqui que os trabalhadores não se queira o som de uma riqueza em geral, mais ou menos natural e compreensível, senão da produção de mais-valia, o novo valor criado no seu trabalho e apropriado pelos capitalistas.

Em recessão como em prosperidade o sistema está baseado na exploração. Mais cedo do que tarde remata por danar as classes trabalhadoras,

já que conleva o colapso social (distribuição desigual da riqueza, na que um 20% da população mundial controla o 80% dos recursos, condições de vida terríveis para boa parte da humanidade e guerras permanentes), o cataclismo ecológico (pressão crescente nos limites do planeta, contaminação e mudança climática), e o autoritarismo (mais ou menos forte, mas sempre despragando a cidadania da tomada de decisões cruciais).

Agora bem, crises sucedem-se recorrentemente no capitalismo. Cada grande crise motivou a reconfiguração do sistema por meio de medidas que definiram a fase seguinte, como está a acontecer agora, onde se agudiza a estratégia neoliberal, possível graças ao debilitamento das forças populares. Ampara-se na falácia de que o melhor para o mercado é o melhor para todos, já que os benefícios económicos criaram postos de trabalho e impostos e finalmente pingará o bem-estar para abaixo. Implica diversas reformas que visam a subordinação do sector público ao privado e recortar direitos para maximizar benefícios: a privatização, para fazer benefícios nas actividades económicas ocupadas pelo Estado, mesmo nos serviços sociais; a eliminação ou enfraquecimento de normas como a regulação laboral, os salários mínimos e toda a normativa que estorve, assim como o favorecimento da deslocalização para aforrar custos salariais; um mercado laboral o mais barato e precário possível, contando com o desemprego como aliado para condicionar os salários à baixa; e uma fiscalidade regressiva que beneficia os mais ricos e aumenta o peso dos impostos indirectos, para que sejam os trabalhadores os que carreguem com o gasto público.

Nas últimas décadas deu-se uma fuga para a frente através da especulação, e hoje a economia financeira representa a maior parte do dinheiro

O papel do estado

No Manifesto do Partido Comunista atopamos esta repreensão: "O governo do estado moderno nom é senom un comité para gerir os negócios comuns de toda a classe burguesa". Estado joga un papel chave na defesa do vigente, tanto por meio da sua intervenção na economia, com apoio direto ou indireto aos processos produtivos, como por meio da legislação -que sanciona, por exemplo, que o capitalista toma as decisões no entanto que os que chegam o trabalho só tenhem direito ao salário-, a repressão ou diversos mecanismos de legitimação. A hegemonia garante-se por meio do consenso e da violência, ingredientes dosificados segundo as necessidades, momento e lugar. Como reconheceu com cinismo Thomas Friedman, McDonald's nom poderia florescer sem McDonnel-McDouglas, o fabricante do F-15.

A medida que o capitalismo medrava estes comités ficavam pequenos. Os Estados capitalistas criaram instituições como o FMI ou o BM para implementar un conjunto de estratégias coloniais em todo o mundo, adequando as atuações ao sistema económico neoliberal, assumindo a planificação de governos soberanos, impulsando mecanismos de sometemento pola dívida, control científico e tecnológico ou reestruturação dos serviços públicos.



circulante: liberalizando a circulação de capitais, opacando o sistema, instaurou-se umha economia mafiosa cujo melhor exemplo som os paraísos fiscais. Na bolsa sucedem-se as apostas, como num casino onde as peças que se jogam som anacos das empresas, dívida pública e privada, matérias primas ou moedas, sem esquecer complexos produtos financeiros no mercado secundário, tam envelhados a esta crise. No entanto, estes produtos tenhem un relacionamento com a economia produtiva. Assim, a especulação financeira repercute mesmo no encarecimento dos alimentos, sobre o que alertava a última reunião da FAO. O casino apoderou-se de todo.

O neoliberalismo nom levou ao benestar prometido, senom ao saque de mais riqueza. A liberalização favorece as empresas mais grandes; a privatização espolia un patrimonio público e provoca danos maiores nos serviços sociais; a precariedade e moderação salarial pauperizou as condições de trabalho e de vida; e os sistemas fiscais injustos aumentárom a desigualdade. Num contexto de descida de salários reais o consumo mantivo-se em boa parte polo crédito. Por meio dum alambicado sistema financeiro, os

bancos fôrom expandindo os sistemas para alargar os créditos, mas nom se pode prosperar assi indefinidamente. Marx já advertia no XIX que o crédito era un meio do capital para agrandar o mercado mais alá dos seus límites. Ao cabo, o capitalismo é un sistema contraditório para o que nom avondam medidas reformistas (nom se trata só dum problema de redistribuição e especulação, senom de crescimento económico e de exploração da força de trabalho). As crises nom constituem límites absolutos, senom contradicções num determinado momento. Marx demostrou como a produção capitalista tendia a sobrepasar as suas barreiras imanescentes, mais alá dumha suposta "crise final", e já vimos como potenciar o dinheiro fictício. As suas crises som inevitáveis, mas nom levam ao derrubo, senom que som aproveitadas para reorganizar o sistema, com un preço que pagamos a classe trabalhadora e os povos do mundo. Warren Buffett, um dos mais ricos do mundo, tem-no claro, reconhecendo recentemente que "há umha luta de classes, e somos nós, os ricos, os que estamos a ganhar". Bem merece umha resposta consequente. ■

José Emilio Vicente é jornalista.

ELEIÇÕES EM PORTUGAL: DUAS TROIKAS A AFUNDIREM O PAÍS

Diego Santório



Portugal vive un proceso mobilizador contra as medidas neoliberais impostas polas institucións internacionais do capitalismo.

Portugal celebrou eleições legislativas em 5 de Junho passado. Estas eleições fôrõm consequência da decisom do PS e o primeiro ministro Sócrates de disolverem a câmara ante a impossibilidade de o seu governo em minoria aprovar um novo pacote de cortes, conhecido como PEC IV.

Antes já de se celebrar as eleições, a troika Fundo Monetário Internacional-Banco Central Europeu- União Europeia despraçaram-se a Portugal para impôr um "resgate financeiro" com causas semelhantes aos dos outros países intervidos nesta crise, e que como explicamos no "Arredista"

nº4, têm origem no desartelamento produtivo prévio que originava dívida externa crónica, a falha de instrumentos de política monetária transferidos à UE e um BCE neoliberal que obriga a financiar a dívida no mercado, situação que explodiu com a atual crise.

A troika externa advertiu explicitamente que fosse qual for o resultado eleitoral, o ganhador deveria implantar o seu programa de cortes, ainda mais duro, com o que chegavam baixo o braço. Este foi entom o contexto em que se apresentavam as eleições: o chamado Bloco Central, comprometido na aplicação das receitas impostas, o “socialista” PS e o conservador PSD, que com o ainda mais à direita CDS-PP formam umha outra troika interna que leva a governar o país nos últimos 30 anos, frente àqueles que rechazam a inevitabilidade dos desígnios impostos de fora, o PCP e também o BE. Umhas eleições onde nom estava em causa só a política económica a desenvolver, mas a própria soberania portuguesa, algo que acertadamente detectara um PCP baixo a palavra de ordem “Por uma política patriótica e de esquerda”.

Os resultados saídos das eleições nom mudárom, mais que secundariamente, o panorama. Um Bloco Central que se reparte a maioria da representação, onde um PS de Sócrates em minoria cede o passo a um PSD de Passos Coelho também em minoria, que formou governo com o apoio dum CDS-PP que sobe ligeiramente: PS, do 36,5% ao 28% e de 97 a 74 assentos, PSD de 29% a 38,6% e de 81 a 108 assentos. No campo da esquerda, o PCP mantém o seu apoio ao redor do 8% e soma mais um assento, de 15 a 16, e no entanto o BE reduz a sua presença à metade: do quase 10% ao 5%, de 16 a 8 assentos.

O programa do governo consiste pois na dura aplicação da ortodoxia financeira neoliberal. Entre as medidas a aplicar acham-se as seguintes: pretende privatizar quase tudo o que resta do sector empresarial do estado, SEE, presente em sectores estratégicos, como os correios e telégrafos (CTT), sector aeronáutico (companhia TAP e ANA, Aeroportos de Portugal), o sector energético: GALP, EDP (Electricidade de Portugal), REN (Rede Eléctrica Nacional), ou o sector financeiro: o ramo de seguros da CGD (Caixa Geral de Depósitos). Ademais pretende reduzir o número de funcionários públicos “criando um programa de rescisões por mútuo acordo” além dumha “política de recrutamento altamente restritiva” em palavras do Executivo, menor ainda que a taxa de reposição do 20% recomendada pola troika; aplicará umha so-

bretaxa regressiva no IRS (imposto da renda) e roubará aos trabalhadores a metade do subsídio de Natal (13º mês, a “paga extra”), ademais dos cortes já implementados polo governo Sócrates. Tudo isto quando, como assinala o economista Eugénio Rosa, “segundo o Banco de Portugal no período 2007-2010 os lucros líquidos da banca, depois do pagamento dos reduzidos impostos a que está sujeita, somaram 8.972 milhões”, mas esta continúa com a política restritiva e distorcida de crédito, e o governo propom reduzir a contribuição das empresas à Segurança Social, a chamada taxa social única.

A esquerda portuguesa prepara-se pois para uns anos de combate e resistência frente a estas medidas, onde cada umha delas levará contestação social associada, para tentar quebrar a aplicação dum programa que leva à ruína aos trabalhadores e ao país.

Assim, trás a greve geral de novembro de 2010, a posição da maior central sindical portuguesa, a CGTP-Intersindical, analisa também o novo cenário, afirmando que “o Governo PSD/CDS adoptando as receitas da Troika ao seu Programa de Governo e aprofundando-as, agrava os problemas sociais e económicos do país e não demonstra um mínimo de esforço para minorar sacrifícios que vêm sendo impostos aos trabalhadores, às trabalhadoras e ao povo português. O programa do governo consubstancia um ataque fortíssimo à democracia e à soberania nacional (...) ele é uma clara capitulação perante a ingerência externa; nega o desenvolvimento nacional; representará um significativo retrocesso social” e reclama como medidas imediatas, de igual maneira que o PCP, o renegociamento da dívida, alongar o periodo de redução do défice, reindustrializar o país, combater o desemprego e precariedade nos sectores público e privado, aumentar o salário mínimo (SMN), aumentar as pensons e incrementar o subsídio de desemprego.

Assim pois, o cenário que se divisa para os próximos anos em Portugal tem a ver com aquele que se apresenta em toda a periferia europeia atingida pola ingerência externa dos programas de cortes da troika, desde Grécia a Irlanda, e que ameaça com estender-se de jeito formal a países maiores da zona euro, nomeadamente Itália e o Estado espanhol, que já aplicam baixo pressom e coa conivência dos governos respectivos os mesmos programas de cortes sociais.

Diego Santório é enxeñeiro.

CINCO CUBANOS PRESOS, QUERÉMOLOS VER LIBRES

Iuri Domènech

Xerardo Hernández? Presente!, Fernando González? Presente!, Antonio Guerrero? Presente!, Ramón Labañino? Presente!, René González? Presente! Cantas veces terán resoado estas voces nos recontos carcelarios, nos máis de 4.300 días que os 5 militantes revolucionarios cubanos levan presos nas cadeas dos Estados Unidos. Desde que, en xuño do 1998, o FBI procedera á súa detención, baixo a falsa acusación de espionaxe e terrorismo, a “xustiza” norteamericana deu sobradas mostras da súa iniquidade e perversión.

É a mesma “xustiza”, que executou os militantes anarquistas Sacco e Vanzetti, que asasinou os comunistas Ethel e Julius Rosenberg, que condeou a morte a activista anti-racista Angela Davis, que mantén preso o militante do Movemento Indio Americano, Leonard Peltier, e que ten, desde hai anos, o xornalista afro-americano Mumia Abu Jamal, no corredor da morte. Todos vítimas de montaxes policiais e xudiciais, con probas e testemuñas falsas e acusacións fabricadas para xustificar a represión contra a disidencia política revolucionaria.

Paralelamente, esa mesma “xustiza”, non atopa o xeito de condear ao terrorista Luis Posada Carriles, por causa ningunha. Un individuo, autor confeso da colocación dunha bomba en 1976 nun avión civil cubano que causou a morte dos 73 pasaxeiros/as. Prófugo da xustiza de Venezuela, onde estaba sendo xulgado polo asasinato baixo tortura de militantes da esquerda, presos da policía política do goberno ADECO de Carlos Andrés Pérez, nos anos 70.

Posada Carriles, xunto con Orlando Bosch (autor do asasinato nos EUA, con coche-bomba, do ex-ministro de exteriores de Salvador Allende),

Jorge Mas Canosa (o narco-empresario presidente da Fundación Nacional Cubano-Americana, entidade con vencellos coa FAES de Aznar) e ducias de terroristas exilados en Miami levan case 50 anos executando todo tipo de atentados, asasinatos e crimes diversos, no territorio cubano, nos EUA ou en calquera parte do mundo, coa cobertura da CIA, da DEA e do FBI, co apoio explícito de persoeiros da política ianqui (tanto demócratas como republicanos) e o silencio cómplice da chamada “prensa libre”.

Precisamente para facerlle fronte ás accións terroristas de grupos que viñan colocando bombas en hoteles de Cuba, nunha campaña destinada a danar o turismo (lembrems a morte do turista italiano Fabio di Celmo en 1997, por unha bomba no Hotel Copacabana), e ás provocacións no espazo aéreo de Cuba pola organización contra de José Basulto Hermanos al Rescate, varios militantes revolucionarios cubanos infiltráronse no exilo de Miami. A súa misión era coñecer e informar das accións anticubanas deses grupellos patrocinados pola CIA e con notorias ligazóns coa delincuencia organizada da Florida, e permitirlle á Seguridade Cubana anticiparse aos atentados desmantelando esas redes mafiosas en Cuba. Como se ve, en ningún caso, nada que poidese causar prexudizo á seguridade da cidadanía dos EUA.

Alertado o FBI polas autoridades cubanas dalgunha desas accións criminais en curso, o goberno norteamericano procedeu a deter, non aos terroristas, senon aos militantes antiterroristas cubanos, nunha clarísima demostración da súa complicidade criminal. Desde xuño do 1998, os coñecidos internacionalmente como os Cinco de Miami (Antonio Guerrero, Ramón Labañino, René González, Xerardo Hernández e Fernando Gonzá-



lez) levan loitando pola súa liberdade, polo recoñecemento da súa inocencia nos cargos que se lles imputan; polo dereito a ter xuízos xustos, sen probas amañadas, sen falsas testemuñas, sen presións e coaccións aos xurados (nos xuízos celebrados todos en Miami, era notoria a práctica mafiosa dos anti-cubanos de anotarlle as matrículas aos vehículos dos membros do xurado, para avisarlles de cal debía ser o seu veredicto). Loitan tamén contra un réxime carcelario de isolación e discriminación nas visitas de parentes e familiares (que con frecuencia, despois de longos trámites burocráticos para acadar o permiso de entrada aos EUA, e de longas e costosas viaxes, vense refugados na porta mesma da cadea polas autoridades ianquis. Estamos a falar de persoas inxustamente condeadas que nalgún caso levan 12 anos sen poder ver aos seus fillos ou fillas.

Por iso medra no mundo a campaña internacional para a liberdade dos 5 heroes cubanos presos nas cadeas do Imperio. Así, no encontro interna-

cional de Partidos Comunistas e Obreiros celebrado en Sudáfrica en decembro do 2010 máis de 51 partidos de 43 países dos 5 continentes acordaron intensificar a campaña mundial pola liberación dos Cinco. No recentemente realizado Foro de Sao Paulo, o conxunto das forzas de esquerda de América Latina, tamén expresou o seu compromiso de loitar pola liberación dos 5 compañeiros cubanos. Na Europa está en marcha a campaña internacional: 1 millón polos cinco, destinada a recoller un millón de asinaturas en apoio. Este ano vai ser decisivo na loita por conquistar a liberdade de Antonio, Xerardo, René, Fernando e Ramón. O compromiso militante da solidariedade do pobo galego coa revolución cubana non fallará. Neste Día da Patria 2011, intensifiquemos a nosa solidariedade cos 5 que é a solidariedade co pobo cubano. A súa liberación será una nova derrota do imperialismo e una nova vitoria da revolución socialista cubana. ■

Iuri Domènech traballa na Fundación FESGA.

XABIER LAGO MESTRE

ACTIVISTA EN DEFENSA DO IDIOMA NO BIERZO

Temos a oportunidade de conversar con Xabier Lago Mestre, berciano, natural de Ponferrada. Este licenciado en Historia Moderna pola Universidade de Salamanca é presidente da asociación cultural Fala Ceibe do Bierzo, creada en 1998, para a defensa e promoción da cultura e lingua galegas do Bierzo. Ademais de realizar un importante traballo como activista lingüístico destacan Os seus traballos históricos, etnográficos, xurídicos e culturais que publica en dieferntes medios e a través dos seus blogs persoais e de Fala Ceibe. A través del achegamos aos nosos lectores e lectoras a realidade das comarcas que fora da Galiza administrativa comparten coa Comunidade Autónoma Galega uns signos de identidade comúns



20 **Cal é a situación actual do galego e a cultura no Bierzo?**

Coido que a situación mellora paseniño. Vimos dunha segunda metade do século XX na que descendía o número de galegofalantes pola emigración e as políticas institucionais antigalegas, e camiñamos no século XXI nun proceso de concienciación bilingüe, e temos os alicerces para mellorar acotío, caso dunha lexislación autonómica máis favorable.

Vives en Ponferrada, seguramente a zona máis complicada. É similar a situación nos diferentes concellos ou existen diferencias?

A cidade de Ponferrada, de case 70.000 veciños, sofre un forte proceso de monolingüismo castelán. Aínda así hai unha minoría galegofalante que resiste. O galego pervive nas vilas do Bierzo occidental e nos pobos e aldeas con máis vitalidade. Pero nos concellos o galego non ten case uso pola oficialidade do castelán, algo que tentamos que cambie nun futuro.

A nivel individual, como chegaches á conclusión de que había que organizarse para defender o idioma galego no Bierzo?

A faísca que comezou o meu activismo foi o rexeitamento da dirección a que o alumnado do instituto de secundaria "Alvaro de Mendaño" de Ponferrada puidese estudar galego. Dende ese ano de 1996 non paramos na defensa da lingua na bisbarra berciana, dentro do colectivo Fala Ceibe, e

colaborando con outras asociacións galegueiras locais. Por certo, a pesar de resistencia social, o devandito instituto segue sen ofertar galego ao seu alumnado. Foi unha batalla perdida pero hai outras máis que tivemos máis sorte con grande esforzo. E hoxe numerosos centros escolares ofrecen galego ao seu alumnado, tanto de Ponferrada como do resto do Bierzo, ademais do portugués no Bierzo oriental.

Como foi o proceso de conformación de Fala Ceibe, que apoios e que problemas vos atopastes?

As asociacións culturais dos anos 90 non estaban interesadas no idioma galego. Tivemos que crear un grupo de defensores do galego, é dicir, Fala Ceibe, que sempre tivo problemas de financiamento e sufrimos o rexeitamento institucional. A falta de financiamento público fainos máis independentes e fomenta o noso voluntarismo social. Atopamos apoio na Galiza, todo o contrario que en León e Castela. Pero o paso do tempo favorece tamén o noso prestixio social a través do feito nestes anos a prol do galego do Bierzo.

Que campos traballades e sobre que estades a incidir máis?

Comezamos traballando no ensino. Finalmente conseguimos con moita presión social o ensino do galego no ano 2001. Despois loitamos polo

recoñecemento do galego no Estatuto de Autonomía de Castela e León, obxectivo finalmente acadado, aínda que sen o grao de oficialidade que pedimos. Despois reclamamos o recoñecemento do galego na Lei da Comarca do Bierzo, que permite certa autonomía política para o Bierzo. E agora pretendemos lograr certo uso institucional do galego nos concellos bercianos.

Neste tempo onde vedes os vosos principais logros?

Os principais logros están no ensino do galego nos colexios públicos. Agora pretendemos que o galego sexa de oferta obrigatoria para todos os centros do Bierzo occidental, e voluntario para o seu alumnado. A nivel legal seguiremos reivindicando a oficialidade do galego, despois de conseguir o recoñecemento do noso idioma tanto no Estatuto de Autonomía de Castela e León como na Lei autonómica da Comarca do Bierzo. Loitaremos por conseguir un novo recoñecemento do galego na futura Lei de Linguas de Castela e León.

Segundo os teus traballos históricos e etnográficos, onde consideras que se sustentan historicamente as relacións entre a Galiza administrativa e os territorios de cultura galega?

Galiza e O Bierzo sempre estiveron unidas porque non había lindeiros administrativos capaces de impedir as relacións normais, comerciais, económicas, culturais,, entre os dous territorios veciños. O Estado das Autonomías creou lindeiros políticos que empezan esas relacións normalizadas entre Galiza e O Bierzo. Por iso hai que loitar porque se abran máis os dous territorios entre si, rachando co actual lindeiro político-administrativo.

Que relación tendes cos partidos políticos no Bierzo e cal é a súa sensibilidade a respecto do noso idioma?

Hai que presionar acotío moito aos partidos do Bierzo para que traballen a prol do galego. Os estatais teñen moita dependencia das executivas de León e Valladolid, e non actúan con normalidade polo galego. O bercianismo político, do Partido do Bierzo e do Partido Regionalista do Bierzo, ten medo a virar demasiado para Galiza e non afronta con valentía a defensa do idioma galego. É hora de que se empece a asumir con normalidade que o galego é a esencia cultural do Bierzo occidental.

Existe un tecido asociativo que defenda o idioma e cultura galegas no Bierzo? E de ser así, existe coordinación entre vós?

Hai un tecido asociativo no Bierzo, quizais aínda pequeno pero moi reivindicativo. A estratexia galegueira no Bierzo é mellorable. Podería coordinarse mellor dende a recuperación da Mesa pola defensa do galego no Bierzo, que tivo un bo traballo na década dos 80 do século pasado, pero que perdeu forza ante o empuxe do galeguismo asociativo que naceu en Ponferrada.

E co asociacionismo de defensa do idioma baixo administración asturiana ou zamorana, mantedes algún tipo de coordinación?

Temos contactos coas asociacións de Asturias e Seabra, pero a distancia xeográfica que nos separa empece un traballo máis constante. De todos os xeitos as problemáticas deses territorios estremeiros son distintas ás que se presentan no Bierzo. Algúns cremos que no Bierzo somos vanguarda para o resto de territorios galegueiros estremeiros polo noso vitalismo reivindicativo. Está claro que a forza galegueira do Bierzo non é comparable ao que acontece nas Freirías da Alta, e as nosas consecuencias tiran do carro tamén para os seabreses.

Que papel xogan as administracións públicas, en particular os concellos, a Junta de Castilla y León e a Xunta de Galiza?

Sempre hai que pedir máis ás institucións públicas que mencionas. Hai que presionar máis, de xeito constante e acotío. Só a presión social consegue os obxectivos porque a iniciativa destas institucións é escasa porque nin queren (coa desculpa de falta de cartos) nin saben que facer polo galego do Bierzo. Por iso o futuro do galego estará na presión social berciana, xa que das institucións pouco podemos agardar.

Finalmente, cal pensas que debe de ser a relación coas comarcas que comparten trazos de cultura galega fora da Galiza administrativa por parte do asociacionismo e das organizacións políticas nacionalistas galegas?

Todos temos que mellorar as relacións mutuas, hai que profundar nelas cunha estratexia de maiores contactos continuados no tempo. O galego do Bierzo ten que ter máis protagonismo nos debates políticos do nacionalismo galego, e tamén o seu espazo público e mediático. Agardamos que a presenza do galego do Bierzo na Galiza medre paseniño porque o futuro do noso idioma depende moi moito da axuda que recibamos da Galiza. Alguén pode pensar que imos recibir a axuda axeitada de León e Castela? Non, porque na Comunidade Autónoma de Castela e León pretenden rematar co problema galegueiro do Bierzo e punto. ■

UM DIA DA MINHA VIDA

Bobby Sands

Tradución de Patricia A. Janeiro

Estaleiro Editora, 2011



Un texto que serve para coñecer a dureza da vida cotiá dos presos políticos irlandeses no contexto do thatcherismo máis salvaxe, así como a inmensa capacidade de sacrificio dos imprescindíbeis. O libro recolle o diario que Bobby Sands, morto en 1981 tras 66 días de folga de fame, puido escribir durante dezasete días, describindo as estarrecedoras condicións de vida dos tristemente célebres H-Blocks de Long

Kesh. O revolucionario irlandés, que foi eleito parlamentario durante a folga, escribiu o diario en papel hixiénico cunha recarga de tinta que escondía dentro do seu propio corpo. A loita dos presos políticos foi un dos principais impulsos que levaron o Sinn Féinn a converterse nun dos principais partidos políticos de Irlanda.

RECOMENDAMOS

ESCRITOS DE MOCIDADE (1914-1918)

Antonio Gramsci.

Presentación, selección, tradución e notas de Xesús González Gómez

Laivento, 2011



González Gómez presenta e traduce unha selección de traballos do Gramsci máis novo. Permítenos asistir ao nacemento intelectual dun revolucionario nos momentos en que o sardo comezaba a configurar un veyro intelectual propio á esquerda dos socialdemócratas italianos, co seu esforzo por elaborar unha vía italiana do marxismo ou a súa preocupación pola análise da cultura, a función dos intelectuais e a construción do partido comunista. Non andaba desencamiñado o fiscal do fascismo na percepción da capacidade intelectual de Gramsci cando o enviou ao cárcere afirmando que había que "impedir que ese cerebro funcione".

BANDA DESEÑADA



bar
Faluya ★
Orzán, 75
A Coruña
www.barfaluya75.blogspot.com

A Fusquenlha
licorcafetería
LUGO

livro galego
e portugués
Rúa da Paz, 12
32005 Ourense (Galiza)
Tfn. e Fax (988) 25 07 37
E-mail: torga@torga.net
www.torga.net
Torga

FERMAGRI
FABRICACIÓN DE APEIROS AGRÍCOLAS
Carretera da Vide, s/n · Monforte de Lemos
Teléfono 982 400 632

Peixes e
Mariscos
PEIXEIRO
Xan Carlos Sar Oliveira, KUKA
Praza da Constitución, 7 15155 FISTERRA (Galiza)
Teléfono 685 557 708

CAFETERÍA
CERVEXERÍA
Alente
San Pedro de Mezonzo
COMPOSTELA

16 o-dezaseis
• Casa de Xantar •
Rúa de San Pedro, 16
Teléfonos 981 56 48 80 · 981 57 76 33
15703 Compostela

**casa das
CRECHAS**
Vía Sacra, 3 - 15704 Compostela
Telf. 981 57 61 08
www.casadascrechas.com

PUB
O CURRUNCHO
COMPOSTELA

CANTOM DO S. BIEITO, 4
COMPOSTELA
GALIZA
anVante

TARASCA
Entremuros, 13
Compostela · Galiza

4 ANZAROS E VIÑOS DO
MAR
**MARIA
CASTAÑA**
Raiña, 19 - Tlf. 981 56 01 37
SANTIAGO de COMPOSTELA



MOVIMENTO GALEGO AO SOCIALISMO

www.mgs-galiza.org

DEBUXANTES DE SOÑOS

Dende os ocos dos castros loitamos nus cerca do mar.

Vivimos atados a eles, chorando nas noites.

Amando; soñando con todos os demais creadores deste destino.

Faise grande o estrondo que producen ao caer tantos solpores.

Neste muxir noso. No circunloquio íntimo.

Hoxe soan os axóuxeres entre as olladas; entre bágoas...

E na nosa Terras dos Vales percorremos as estradas, infinitamente entrelazadas, buscando un punto común neste caos de deriva.

Portamos o semáforo cromático.

O que ergueremos ao chegar ao fin do mundo para que brillen todas as luces de cores existentes.

Brincarán os soños.

Berraremos mil veces democracia. Moi rápido e moi forte.

Pode que un arco da vella nos amose a liberdade.

Entón a nosa sería a bandeira máis bonita do mundo, branca de xanelas de PAZ, azul de auga de VIDA, e coa súa estrela vermella da SOLIDARIEDADE

Pero os ocos dos castros tamén choran polos seus teitos de xestas, e tampouco alí agochados veremos as cores infinitas do universo.

Teremos que asomarnos por nós mesmos

a deseñar o arco da vella da liberdade.

Xabinho da Queiroga, 2011.